



A linguaxe, alén de nos constituír humanos, modula a nosa maneira de sentir e, por tanto, de estarmos ante Deus. Por iso unha linguaxe relixiosa coherente é fundamental para unha vivencia da fe. O fenómeno histórico da Modernidade modificou profundamente a concepción do mundo e da súa relación con Deus e, por iso, fixo que a linguaxe relixiosa forxada na época anterior ficase desencaixada; un fenómeno este aínda insuficientemente considerado. Este número trata de deitar algunha luz sobre un aspecto do problema: como actualizar a linguaxe litúrxica.

O estudo de A. Torres Queiruga analiza un aspecto que, desde hai moito tempo, ocupa unha parcela importante da súa preocupación teolóxica: a oración de petición; neste caso na liturxia. Encrucillada xa abordou o tema da oración de petición no número 831 e, partindo do dito daquela, Queiruga aborda agora o desafío de enfrontar o problema que a oración de petición supón para unha imaxe de Deus honesta con El e cos orantes. Non o fai só desde a abordaxe teórica senón tamén descendendo á praxe concreta, proponendo reformulacións das oracións litúrxicas que as despoxen de peticións insás.

No segundo estudo M. Regal Ledo, partindo das conquistas derivadas da renovación litúrxica impulsada polo Concilio e constatando a súa linguaxe simbólica, propón a mellora e creación de novos símbolos e reflexiona sobre a frecuencia das celebracións e sobre a importancia simbólica dos espazos e da súa ocupación e ornamentación. Reflexiona tamén sobre os tempos da palabra, do silencio, do canto e da música; sobre o símbolo do pan compartido, o símbolo das realidades da vida e o símbolo das persoas celebrantes. Urxe retomar vellos símbolos que sostiveron durante séculos a fe, pero a cultura actual demándanos máis creatividade na celebración, máis sintonía coa sensibilidade da xente de hoxe.

Ante o gran desafío que para a Igrexa supón a inculturación da fe nos ambientes e situacións contemporáneas, o terceiro estudo deste número, de Carme Soto, partindo dun concepto amplo de

---

1 <https://encrucillada.gal/producto/encrucillada-083/>

liturxia que vai alén das celebracións dominicais, trata de formular algunhas claves que poidan axudar a repensar os modos e contidos da predicación nun contexto de necesaria renovación. Busca afondar nalgúns enfoques teolóxicos e hermenéuticos que permitan que a predicación, sen deixar de ser fiel ás Escrituras, sexa tamén relevante para os tempos actuais.

Un aspecto importante, e ás veces conflictivo, da renovación litúrxica é o tocante á devoción popular. Rubén Aramburu parte na súa achega de que a devoción popular é un espazo privilexiado de evanxelización e fai, buscando un camiño intermedio entre a prohibición de certas prácticas e a súa aceptación incondicional, propostas para distintas devocións como a Candeloria, o viacrucis ou o rosario.

Como cada ano, este número leva un artigo dedicado a glosar o homenaxeado polo Día das Letras; este ano trátase dunha colectividade. Temos a sorte de contar cunha homenaxe ás cantareiras escrita por quen tanto contribuíu a preservar a nosa música popular: Baldomero Iglesias Dobarrio. No seu texto lembra o seu labor de compilador, intimamente ligado ao seu devir biográfico, resalta o papel das mulleres que mantiveron acesa a chama da música tradicional e laíase do trato que se lle está a dar na actualidade.

Alén da Crónica de Igrexa e as ilustracións de Sole Pite, completamos este número con algunhas contribucións máis breves. A tradución ao galego do sermón pronunciado pola bispa episcopal de Washington Mariann Budde, que nos parece palabra valente fronte á inxustiza exercida desde a política, vai acompañada por unha carta de agradecemento de *Mulleres Cristiás Galegas*. As Fraternidades Cistercienses de Galicia ofrécennos unha explicación de si e unha memoria viva das súas actividades. Por último, e sen esquecer as ilustracións de Sole Pite, Silvestre Gómez Xurxo, redacta o *in memóriam* de Quico Domínguez, home bo e xeneroso que tivo un papel relevante nos inicios de *Encrucillada*.

**Xaime M. González Ortega**  
**María do Pilar Wirtz Molezún**